


1º CICLO E.PRIMARIA



- **E ti que farías por min?- F. Casalderrey- Xerais :**Malta e Marqués viven na rúa e ás veces pasan moita fame. Namentras Marqués lle conta a Malta canto faría por ela, Malta fai algo importante por Marqués. Adiviñas o que?

- **Cando non atopas a túa casa-P.Sánchez- OQO:** É noite e pérdeste. Estás nun bosque descoñecido. Como atopar a túa casa? Non estás só/a, voces amigas axudarache a regresar."Le" ben cada ilustración, hai quen te acompaña en cada páxina (menos nunha?)



- **Diario de Pichük. Quen é Pichük?-M. Cráneo-Everest :** Alguén a quen a súa curiosidade o leva a ser o científico máis famoso do Planeta Mincha. Un científico soñador que relata neste libro as súas orixes e aventuras.

- **Diario de Pichük. As minchas de Aridöndia- M. Cráneo- Everest :** Xunto co seu robot, Pichük acudirá ao deserto para estudar ás minchas niles, capaces de predecir acontecementos importantes.



- **Malena Ballena-D. Calí-Libros del zorro rojo:** As compañeiras de piscina de Malena fan burla dela polo que pesa, chamándolle balea. Pero o seu monitor de piscina ensinaralle un truco para descubrir o que verdadeiramente é quen de facer Malena.